

MEMORIA ECONÓMICA 2009



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

PRESENTACIÓN MEMORIA ECONÓMICA 2009

A *Memoria Económica* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) recolle a información relativa á actividade económica e de xestión desenvolvida durante o exercicio 2009, e concrétese: no estado de liquidación do orzamento; o balance de situación; a conta de resultado económico-patrimonial a 31 de decembro de 2009; información acerca da evolución das magnitudes e as actuacións económicas máis relevantes; o informe de xestión e o informe sobre a contratación administrativa. Na memoria deste exercicio, ao igual que xa fixemos nos últimos anos, non se inclúe a información sobre a actividade desenvolvida pola USC que foi derivada á *Memoria de Responsabilidade Social* elaborada pola USC e que supón o complemento necesario para completar o proceso de rendemento de contas.

A finalidade da información recollida na *Memoria* é, ademais de servir de base aos órganos de control interno e externo da súa operativa económico-financeira, a de dar cumprimento ao mandato que a propia USC se ten imposto de afondar na súa responsabilidade social implementando un sistema de rendemento de contas á sociedade e á comunidade universitaria, que garanta a transparencia na xestión da súa actividade.

Esta *Memoria Económica* do exercicio 2009 constitúe polo tanto un elemento de transparencia informativa, entorno ao que xira a liña de acción da programación plurianual 2007-2010 que ten como obxectivo o necesario e consciente rendemento de contas como parte das funcións derivadas da súa xestión e como instrumento para garantir o bo goberno. Neste senso, acompáñase tamén o informe de auditoría encargado polo Consello Social que xa está rematado.

Este informe de auditoría non presenta ningunha salvedade, o que pon de manifesto o importantísimo avance neste ámbito, confirmando que a situación económica da USC está ordenada e reconducida, a pesares de que as disponibilidades financeiras non sexan suficientes para o nivel de actividade e resultados acadado nos últimos anos.

A preparación e presentación da ampla documentación financeira, contable e estatística que aparece nesta *Memoria* elaborouse con criterios analíticos de obxectividade, detalle, claridade informativa e homoxeneidade no tempo, a partir dos estados financeiros presentados de acordo coas normas establecidas no Plan General de Contabilidad Pública, de forma que trate de mostrar a imaxe fiel da situación financeira da USC respecto aos seus activos e pasivos, así como dos resultados das operacións realizadas e dos recursos obtidos e aplicados durante o exercicio.

A información recollida nesta memoria económica reflicte a liquidación do orzamento do exercicio 2009 así como a actividade económica-financeira da USC.

A situación económica actual da USC, unha vez superada a etapa do Plan de Equilibrio Económico Financeiro, xira arredor do actual Plan de Financiamento do SUG 2005-2010 que, se ben desvincula a subvención básica da evolución do número de alumnos e introduce financiamento ligado á investigación e á calidade, aínda resulta insuficiente para as necesidades reais da nosa universidade.

Contamos cunha universidade que por dotación de recursos, aínda coas deficiencias que temos en moitos ámbitos e, sobre todo, polos resultados acadados, atópase ao nivel doutras universidades do noso contorno que dispoñen duns recursos financeiros moi superiores aos nosos. Sirva como dato para posicionarnos ao respecto indicar que no ano 2010 o gasto orzamentado pola Comunidade Autónoma para o SUG seguía situándose arredor do 0,75% do PIB da nosa Comunidade neste ano,

fronte un gasto medio no Estado español do 1% do PIB das respectivas Comunidades Autónomas. Estas distancias aumentan aínda mais ao considerar as diferenzas relativas no PIB.

Neste senso, cobra cada vez mais importancia que a reformulación do actual Plan de Financiamento, actualmente en marcha, permita acadar o antes posible un esforzo inversor nas universidades por parte da Comunidade Autónoma superior ao 1% do PIB, ligado aos retos que temos nos ámbitos do Espazo Europeo de Educación Superior, a Investigación e a Calidade

Aínda que a situación no que atinxe ao financiamento debe mudar de cara ao futuro, a USC cumpriu a súa parte de responsabilidade levando a cabo procesos de axuste en todos aqueles gastos que, aínda sendo convenientes, son secundarios na priorización das actuacións que a Universidade ten que desenvolver en correspondencia coas súas funcións básicas de docencia e investigación e os retos, obxectivos e accións con elas relacionadas. Xunto a estes axustes na asignación dos recursos dispoñibles, durante o exercicio 2009 continuouse coa intensificación no proceso de racionalización na execución do gasto e na xestión do ingreso coa finalidade de mellorar a súa eficacia.

Esta situación descrita reflíctese na liquidación do orzamento recollida nesta memoria, que rexistra nas súas principais magnitudes o resultado desta realidade económico-financeira. Destaca neste senso que o exercicio 2009 se pecha cun equilibrio total en termos de liquidación orzamentaria, contando as obrigas traspasadas ao exercicio seguinte con financiamento suficiente para a súa cobertura. É mais, esta garantido o financiamento ata o final da súa execución de todas as actuacións construtivas xa encetadas e os remanentes incorporados con financiamento propio acadan a cifra de 4,73 millóns de euros –sen contar os créditos de Centros e Departamentos-, o que permite compensar en parte a diminución de ingresos do orzamento do ano 2010.

O gasto orzamentario no exercicio 2009, en termos de obrigas contraídas, ascendeu a 286,73 millóns de euros, experimentando unha variación absoluta de -3,57 millóns de euros en relación ao exercicio anterior (290,30 millóns de euros) e unha variación relativa do -1,23%. O remanente de crédito, obtido como diferenza entre o orzamento definitivo e as obrigas contraídas, foi de 114,16 millóns de euros.

As previsións definitivas de ingresos, excluído o remanente de tesourería do ano anterior, acadaron os 306,87 millóns de euros, sendo os dereitos recoñecidos do 98,7%. A execución do orzamento de gastos foi do 71,52 %, a cal resulta unha porcentaxe acaída tendo en conta os créditos ligados a execucións plurianuais –obras, investigación, etc.- que se recoñecen nun exercicio pero se incorporan ao seguinte.

O resultado orzamentario do exercicio foi de 5,75 millóns de euros que unido á variación neta de pasivos financeiros positiva en 8,96 millóns de euros supón un saldo orzamentario positivo de 14,71 millóns de euros.

Finalmente, o remanente de tesourería afectado ao financiamento de gastos dos vindeiros exercicios ascende a 107,41 millóns de euros.

Polo que respecta ao balance de situación da USC, este reflicte un patrimonio totalmente saneado e unha importante solidez patrimonial. A prudencia no ritmo de incremento da actividade e o mantemento dun estrito control de todas as modalidades de risco determinou que o activo total quedase situado en 576,88 millóns de euros. Ao peche de exercicio, os recursos propios situábanse en 397,95 millóns de euros fronte aos 392,07 do ano anterior.

A diferenza entre as correntes de ingresos e gastos da Conta do Resultado Económico-Patrimonial da un resultado positivo (aforro) de 5,88 millóns de euros, fronte ao aforro de 14,29 do exercicio anterior. Debemos ter en conta que este é o resultado da contabilidade financeira sen ter unha translación en termos de execución orzamentaria. Dende un punto de vista orzamentario o

resultado a ter en conta viría a ser o remanente financiado con recursos propios que se incorporan ao exercicio seguinte que, como expuxemos anteriormente, acadaron a cifra de 4,73 millóns de euros sen contar os créditos dos Centros e Departamentos.

A segunda parte da Memoria Económica informa sobre a execución do orzamento en detalle, a nivel de centros xestores, permite coñecer a distribución de créditos entre os diferentes centros orgánicos, entre as diferentes funcións e segundo a natureza económica do gasto, e constitúe un elemento fundamental complementario da análise das contas do exercicio que se inclúe na primeira parte.

Inclúese nesta segunda parte da memoria de xestión información dos expedientes de contratación xestionados no exercicio, con independencia do procedemento e forma de adjudicación, dando así cumprimento ao mandato contido no artigo 166 dos Estatutos da USC de informar á Xunta de Goberno e ao Consello Social do resultado da contratación.

Continuamos na mesma liña iniciada na memoria do ano 2008 pola que se daba información do cumprimento dos obxectivos orzamentarios, en coherencia coa vontade da nosa institución, manifestada en múltiples ocasións, de seguir difundindo os nosos resultados á sociedade.

Resumimos desta forma a realidade que ofrece a situación económico-financeira da nosa institución no ano 2009, a análise da cal se recolle polo miúdo no contido desta memoria. Ao igual que en exercicios anteriores, a recondución da situación económica e o mantemento dos obxectivos acadados neste ámbito obrigou a continuar coa implicación de toda a comunidade universitaria e, en especial do seu persoal docente, investigador e de administración e servizos, que vén conxugando nos últimos anos a prestación dun mellor servizo á sociedade co incremento da eficiencia e eficacia, máis necesarias aínda en momentos de dificultades económicas. De novo a USC desexa recoller o seu recoñecemento e gratitude a todo o seu persoal. Ao mesmo tempo, segue sendo necesario continuar co proceso de trasladar á sociedade e á Administración as necesidades económicas ligadas á situación actual da nosa universidade e dos retos que xa son unha realidade para nos, en especial todo o relacionado co Espazo Europeo de Educación Superior e o Espazo Europeo de Investigación.

PRIMEIRA PARTE: ANÁLISE DAS CONTAS DO EXERCICIO

1.1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

O orzamento de ingresos de 2009 da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), líquidase cuns dereitos recoñecidos por importe de 301,44 millóns de euros, o que representa un incremento en termos absolutos de 10,06 millóns con respecto aos do exercicio anterior (291,38 millóns), equivalente a **unha taxa de variación do 3,45 %**. Este aumento explícase polos incrementos rexistrados nos capítulos de transferencias -correntes e de capital- e da variación de pasivos financeiros.

As previsións iniciais de ingresos incrementáronse por operacións de **financiamento acadado durante o exercicio** en 60,94 millóns de euros, o que significa en termos porcentuais o 23,85 % respecto ás previsións iniciais. Para o cálculo das cifras anteriores descóntanse os aumentos de previsións derivados do financiamento co remanente de tesourería do ano 2008 (94,02 millóns) e da facturación interna (2,29 millóns).

A liquidación do orzamento supón a fin de exercicio un menor recoñecemento de dereitos sobre as previsións definitivas de 5,43 millóns de euros, como pode observarse no cadro 1.

Estas cifras serán desagregadas polo miúdo ao longo deste apartado, pero antes indicaremos algunhas notas xerais que nos semellan de interese, referidas ás distintas fontes de financiamento dos ingresos da USC, clasificadas por capítulo orzamentario.

CADRO Nº 1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	PREVISIÓNS INICIAIS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS	INGRESADO	PENDENTE DE INGRESO	DEREITOS RECOÑECIDOS MENOS PREVISIÓNS DEFINITIVAS
III. Prezos públicos e outros ingresos	42.952.240,00	52.145.599,52	52.070.148,07	41.607.990,47	10.462.157,60	-75.451,45
IV. Transferencias correntes	149.455.890,00	165.276.323,25	168.462.177,21	165.598.795,85	2.863.381,36	3.185.853,96
V. Ingresos patrimoniais	1.300.000,00	1.393.548,29	1.615.344,02	1.384.132,78	231.211,24	221.795,73
VII. Transferencias de capital	48.427.620,00	72.204.822,31	65.092.810,06	33.063.541,97	32.029.268,09	-7.112.012,25
IX. Variación de pasivos financeiros	3.789.650,00	15.850.711,44	14.195.961,44	12.061.061,44	2.134.900,00	-1.654.750,00
SUBTOTALS	245.925.400,00	306.871.004,81	301.436.440,80	253.715.522,51	47.720.918,29	-5.434.564,01
VIII. Variación activos financeiros (remanente de tesourería)		94.019.175,59			0,00	0,00
TOTAIS	245.925.400,00	400.890.180,40	301.436.440,80	253.715.522,51	47.720.918,29	-5.434.564,01

CAPÍTULO	DEREITOS RECOÑECIDOS 2007	DEREITOS RECOÑECIDOS 2008	DEREITOS RECOÑECIDOS 2009	% CAPÍTULO SOBRE TOTAL DEREITOS 2009	% VARIACIÓN S/2008
III. Prezos públicos e outros ingresos	49.972.552,77	53.714.618,87	52.070.148,07	17,27	-3,06%
IV. Transferencias correntes	150.205.660,46	164.189.983,03	168.462.177,21	55,89	2,60%
V. Ingresos patrimoniais	1.832.300,54	3.080.932,02	1.615.344,02	0,54	-47,57%
VI. Alleamento de investimentos reais	2.281,03	21.127,57	0,00	0,00	-100,00%
VII. Transferencias de capital	59.599.591,70	60.586.870,61	65.092.810,06	21,59	7,44%
IX. Variación de pasivos financeiros	12.790.143,53	9.783.583,93	14.195.961,44	4,71	45,10%
TOTAIS	274.402.530,03	291.377.116,03	301.436.440,80	100,00	3,45%

1.- PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS:

Os dereitos liquidados en concepto de prezos públicos por servizos académicos en estudos oficiais ("taxas") foron inferiores en 1,17 millóns ás previsións orzamentarias, 21,35 millóns de previsións fronte 20,18 millóns de dereitos, o feito de non acadar os ingresos orzamentados explicase fundamentalmente pola conxelación dos prezos de matrícula no contexto da crise económica. No conxunto do capítulo 3 os ingresos son case iguais que as previsións definitivas resultando a liquidación equilibrada.

2.- TRANSFERENCIAS CORRENTES:

Os dereitos liquidados por transferencias correntes son superiores ás previsións orzamentarias en 3,19 millóns de euros, debido á percepción de fondos sobrantes do plan de financiamento e ao ingreso de subvencións do programa de intensificación da actividade investigadora –gastos de persoal- non orzamentadas inicialmente.

3.- INGRESOS PATRIMONIAIS:

A liquidación foi superior ás cifras orzamentadas en 0,22 millóns de euros debido á situación favorable da tesourería que compensou a diminución dos tipos de xuro.

4.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL:

Os dereitos liquidados por transferencias de capital foron inferiores as previsións definitivas en 7,11 millóns de euros, 3,87 millóns por acadar menores recursos para obras dos orzamentados e o resto compensase en parte con superávit do capítulo 3 no concepto de servizos prestados por investigación.

5.- VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS:

Inclúense aquí: o anticipo reembolsable -2,13 millóns de euros -obtido da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dentro do programa "Campus de excelencia internacional", e os obtidos do Ministerio de Ciencia e Innovación para a construción do CITIUS (Centro de investigación de tecnoloxías da información) -5 millóns- e para o equipamento de CIMUS-CIQUUS, etc. -7,06 millóns.

6.- VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS:

Neste capítulo inclúense os créditos non obrigados a 31/12/08 incorporados ao orzamento de 2009 e que correspondían a compromisos adquiridos ou ben a financiamento específico de actividades

(investigación, congresos, cursos de posgrao, etc). Proveñen, xa que logo, de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeran ingresos no exercicio 2009.

- ◇ Unha vez presentadas as notas xerais por capítulo orzamentario, resulta importante mencionar que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/09 é de 47,72 millóns de euros, que representa o 15,83 % de todos os dereitos recoñecidos (17,89 % no ano anterior).
- ◇ No cadro 2 figuran as porcentaxes que cada fonte de financiamento representa sobre o conxunto dos ingresos da USC no período 2005-2009.

CADRO 2. % FINANCIAMENTO POR CAPÍTULOS (2005/2009)

CAPÍTULO	2005	2006	2007	2008	2009
III. Prezos públicos e outros ingresos	20,12	19,30	18,21	18,45	17,27
IV. Transferencias correntes	59,61	56,90	54,74	56,31	55,89
V. Ingresos Patrimoniais	0,26	0,46	0,67	1,06	0,54
VI.-Alleamento de investimentos reais	0,00	0,11	0,00	0,01	0,00
VII. Transferencias de capital	15,76	17,95	21,72	20,81	21,59
IX. Variación de pasivos financeiros	4,25	5,28	4,66	3,36	4,71
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

O importe das “transferencias correntes” representa no período analizado a maior fonte de recursos aumentando significativamente en 2005 coa aplicación do novo plan de financiamento, representando case o 60% dos recursos, en 2006, 2007, 2008 e 2009 diminúe a participación por mor da suba das transferencias de capital e variación de pasivos financeiros pero sempre manténdose no entorno do 55%. A continuación figuran as transferencias de capital que inclúen o financiamento por proxectos, infraestruturas de investigación e obras e os “prezos públicos e outros ingresos” (matriculas e prestación servizos investigación, etc.), por último, unha pequena participación dos ingresos derivados da rendibilización do patrimonio con aumento significativo en 2008.

1.1.2. COMENTARIOS PARTICULARES AOS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO ORZAMENTARIO

CAPÍTULO III: Prezos públicos e outros ingresos.

No cadro 3 figuran recollidos, por artigo orzamentario, os dereitos recoñecidos nos tres últimos exercicios e as variacións de 2009 con respecto ao 2008 e ao 2007; indícase tamén cal foi a participación relativa dos dous compoñentes deste capítulo: “**Prezos públicos**” e “**Outros ingresos**”. Os primeiros representan o 46,89 % do financiamento total e o 53,11 % os segundos; nestes últimos inclúense fundamentalmente os ingresos por prestación de servizos por actividades de investigación.

CADRO 3: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS. DEREITOS RECOÑECIDOS 2007-2009

Artigo presupostario	Dereitos recoñecidos 2007	Dereitos recoñecidos 2008	Dereitos recoñecidos 2009	% Variación S/07	% Variación S/08
31.Prezos públicos por servizos académicos	23.212.319,25	24.069.806,83	23.346.109,43	0,58%	-3,01%
32. Prestación de servizos	21.438.324,27	25.726.176,83	22.470.209,16	4,81%	-12,66%
33.Venda de bens	270.565,03	319.216,10	234.056,73	-13,49%	-26,68%
38. Reintegros	604.394,72	365.859,59	579.214,22	-4,17%	58,32%
39.Outros ingresos diversos	1.872.439,33	657.291,02	3.155.937,53	68,55%	380,14%
TOTAIS	47.398.042,60	51.138.350,37	49.785.527,07	5,04%	-2,65%
34.Facturación interna	2.574.510,17	2.576.268,50	2.284.621,00		
	49.972.552,77	53.714.618,87	52.070.148,07		

AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES ABSOLUTOS	2.007	2.008	2.009
OUTROS INGRESOS	24.185.723,35	27.068.543,54	26.439.417,64
PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS	23.212.319,25	24.069.806,83	23.346.109,43
TOTAL CAPÍTULO	47.398.042,60	51.138.350,37	49.785.527,07

AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES RELATIVOS	2007	2008	2009
OUTROS INGRESOS	51,03%	52,93%	53,11%
PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS	48,97%	47,07%	46,89%
TOTAL CAPÍTULO	100,00%	100,00%	100,00%

No detalle do cadro 3 aparecen desagregados por partidas singularizadas os diferentes tipos de ingresos. Nos comentarios seguintes deterémonos naqueles aspectos que consideramos máis significativos dentro dos principais artigos orzamentarios.

DETALLE DO CADRO 3

ARTIGO PRESUPUESTARIO	PREVISIÓNS		DEREITOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	RECOÑECIDOS
31. PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS			
<i>Estudos oficiais</i>			20.180.797,21
Estudos 1º, 2º ciclos			18.650.720,78
Estudos POP			922.376,33
Estudos 3º ciclo			607.700,10
<i>Outros estudos</i>			3.165.312,22
Cursos posgrao			2.223.082,32
Cursos especialización e outros cursos			136.795,51
Aulas informáticas			1.881,25
Cursos de verán			241.300,00
Centro de Linguas Modernas			319.706,04
Escola de Práctica Xurídica			70.666,61
Instituto de Criminoloxía			171.880,49
TOTAL ARTIGO 31	24.124.520,00	24.687.582,69	23.346.109,43
32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS			
Inscripcións en xornadas, congresos, etc.			500.482,58
Aloxamento Sistema Univ. Residencias			1.960.371,44
Servizos Investigación			17.617.091,40
FEUGA: custos indirectos e nóminas			918.245,36
A organismos públicos en entidades sen fins de lucro			11.124.282,72
A empresas			5.574.563,32
Outros servizos prestados			2.392.263,74
Extensión Universitaria Deportes			652.412,02
Extensión Universitaria Cultura			54.636,65
Centro Posgrao-Doutoramento Internacional			61.433,61
Escola infantil Breogán			551.099,40
Imprenta			50.024,86
Servimav			2.662,21
Centro de Linguas Modernas			8.836,34
Atencións clínicas Odontoloxía			576.907,60
Atencións clínicas Óptica			11.233,00

Bibliotecas			22.850,70
Dereitos de oposicións e concursos			36.545,94
Teléfonos			28.491,62
Estacións biolóxicas:A Graña/Encoro do Con			144.517,09
Outros: Desenvolv.difusión conf. EUNIS 2009; Axuda curso pract. xurídica; colab.cátedra hidroloxía médica; III foro emprego, etc.			190.612,70
TOTAL ARTIGO 32	17.890.120,00	23.796.803,22	22.470.209,16
33.VENDA DE BENS			
Publicacións			109.009,14
Reprografía			9.149,71
Vendas enerxía eléctrica			115.897,88
TOTAL ARTIGO 33	258.000,00	311.024,63	234.056,73
38. REINTEGROS			
Varios			103.117,38
Anuncios contratación			47.297,21
Compensación seguros			130.173,33
Compensación consumos Fund,Rof-Codina			87.401,74
Compensación consumos Complexo docente Lugo			6.687,52
Compensacións subministracións concesionarios e cesionarios			204.537,04
TOTAL ARTIGO 38.	279.600,00	446.468,23	579.214,22
39. OUTROS INGRESOS DIVERSOS			
Bolsas Isep			8.666,00
Complemento asistencial Rof-Codina			91.934,39
Compensacións impostos			2.612.420,24
Varios R.U.Burgo Nacións			2.644,00
Prácticas alumnos másters e posgraos			94.622,50
Varios			345.650,40
TOTAL ARTIGO 39	400.000,00	619.099,75	3.155.937,53
TOTAL CAPÍTULO III SEN FACTURACIÓN INTERNA	42.952.240,00	49.860.978,52	49.785.527,07
Imprenta			547.195,65
Servimav			65.665,82
Xerencia			137.311,79
Sistema Universitario de Residencias			160.567,32
Servizos Xerais de investigación (Vic.de Investigación)			661.817,64
Vicerreitoría de Infraestruturas			7.337,23
Centros docentes			427.566,45
Institutos			77.078,61
Bibliotecas			23.261,84
Centro de Linguas Modernas			27.610,45
Oficina de Xestión de Infraestruturas			63.685,54
Servizo de Publicacións			14.897,20
Servizo de Tradución			9.809,50
Área das TIC			10.890,60
Estacións biolóxicas			8.454,49
Vicerreitoría de Política Internacional			38.520,88
Outros			2.949,99
34. FACTURACIÓN INTERNA	0,00	2.284.621,00	2.284.621,00
TOTAL CAPÍTULO III	42.952.240,00	52.145.599,52	52.070.148,07

ARTIGO 31. PREZOS PÚBLICOS.

Os dereitos recoñecidos por prezos públicos de estudos oficiais acadaron o importe de 20,18 millóns de euros sendo as previsións definitivas de ingreso 21,35; por tanto, houbo un déficit por este concepto de 1,17 millóns de euros.

Observacións:

- Os ingresos de prezos pola matriculación nas probas de acceso á Universidade non están incluídos na liquidación do orzamento de ingresos da USC, xa que, por convenio entre as tres Universidades de Galicia, encargouse da liquidación dos gastos e ingresos das probas a CIUG, de xeito que figura no orzamento da Universidade só a parte que se tivo que achegar para cubrir a diferenza entre os ingresos e os gastos –figura no capítulo IV de gastos na USC–.
- Inclúese na liquidación a matrícula gratuíta na USC do seu persoal e familiares, está cargado o importe da mesma ao capítulo I de gastos –acción social- contabilizándose no orzamento de ingresos como unha entrada en formalización (sen entrada material de fondos).
- Non se inclúe na liquidación dos prezos públicos o importe das matrículas dos beneficiarios de axudas por ser funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Criterios contables

1. Aplícase a recadación efectiva realizada durante o ano e que non estaba computada como dereitos recoñecidos pendentes de cobro do exercicio anterior (2008).
2. Considéranse dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/09 os seguintes:

a) A información proporcionada por XESCAMPUS (aplicación de xestión académica) dos abonares emitidos da matrícula do curso 2009/2010 pendentes de cobro a 30/12/09 (derradeiro día hábil de 2009), os emitidos por impago a esa mesma data e as devolucións pendentes, Importe respectivos: 1.531.518,01, 159.536,04, –41.588,84.; aquí fundamentalmente recóllense os terceiros prazos que se liquidan en marzo (1.364.066,07 euros).

b) O importe pendente de compensación do MEC polo importe das matrículas non satisfeitas de alumnos bolseiros e dos alumnos de familia numerosa de tres fillos por importe de 2.063.760,73 euros. Este importe extráese do informe de liquidación de prezos da aplicación XESCAMPUS con data 30/12/09. A contía total de compensación estimada resulta 6.933.760,73 euros, dos que 4.870.000 foron ingresados en 2009.

ARTIGO 32. PRESTACIÓN DE SERVIZOS

As variacións máis significativas con respecto ao ano anterior son as seguintes:

- Os dereitos de matrícula noutros estudos foron lixeiramente inferiores aos do ano anterior, 3,17 millóns fronte a 3,45 de 2008.
- Os dereitos de inscrición en congresos e xornadas aumentaron con respecto a 2008 nun 31,57% (de 0,38 millóns en 2008 a 0,50 en 2009), sen embargo diminúe nun 8,41 % a recadación por ingresos no servizo universitario de residencias (2,14 millóns en 2008 e 1,96 en 2009) debido á menor ocupación por mor das obras de reparación que se están executando.
- O importe recoñecido por contratos e convenios por servizos de investigación diminúe con respecto ao exercicio anterior nun 15,29 %, 20,80 millóns de euros en 2008 fronte a 17,62 en 2009.

ARTIGO 33. VENDA DE BENS

- As vendas de enerxía eléctrica diminuíron no 21,54 % (115,90 miles de euros fronte a 147,71 en 2008), as de publicacións tamén no 12,21 % (de 124,16 miles de euros en 2008 a 109,00).

ARTIGO 34. FACTURACIÓN INTERNA

- Desde o ano 1996 a facturación que se realiza internamente na USC –os denominados cargos internos– trátase contablemente como ingreso no centro emisor (centro que presta o servizo ou subministra as mercancías) e como pagamento no centro receptor (aplicación orzamentaria que soporta o gasto). A consecuencia disto, o orzamento de ingresos, e correlativamente o de gastos, vense incrementados polo volume anual destas operacións, que representan en total 2,28 millóns de euros. Estas operacións non orixinan movementos de fondos de tesourería, posto que se realizan en “formalización” (sen saída material de fondos).
- No detalle do cadro 3 indicamos os diferentes centros emisores de cargos internos e as cantidades que facturan.

ARTIGO 39. OUTROS INGRESOS

- Neste artigo liquidáronse ingresos que case cuadruplican os recadados durante o exercicio anterior pasándose de 657,29 miles de euros a 3.155,94, a diferenza provén de regularizar a contabilización do IVE de 2008 –importe 1.27 millóns de euros- e cambiar o criterio na liquidación do derradeiro mes do ano 2009 deducindo o 100% do IVE de investigación –tanto básica como aplicada- por importe de 1,34 millóns de euros.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes.

No cadro 4 detállanse por artigo orzamentario os dereitos recoñecidos comparándoos cos dos dous exercicios previos (desagregase por partida orzamentaria no detalle do cadro 4).

CADRO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES. Dereitos recoñecidos 2007-2009

ARTIGO PRESUPUESTARIO	Dereitos recoñecidos 2007	Dereitos recoñecidos 2008	Dereitos recoñecidos 2009	% Variación S/07	% Variación S/08
40.Administración do Estado	3.932.147,26	3.795.571,83	3.214.617,08	-18,25%	-15,31%
41.Organismos Autónomos advtos	240.388,76	260.173,89	553.388,10	130,21%	112,70%
44.Outros entes públicos	70.000,00	135.900,00	153.447,46	119,21%	12,91%
45.Comunidades Autónomas	143.395.390,04	156.982.130,77	156.534.003,10	9,16%	-0,29%
46.Corporacións locais	208.513,01	394.705,06	427.632,09	105,09%	8,34%
47.Empresas Privadas	1.636.494,48	1.323.400,00	1.425.650,00	-12,88%	7,73%
48.Familias e inst.sen fins lucro	670.464,74	1.094.285,18	762.066,04	13,66%	-30,36%
49.Exterior	52.262,17	203.816,30	5.391.373,34	10216,02%	2545,21%
TOTAL CAPÍTULO IV	150.205.660,46	164.189.983,03	168.462.177,21	12,15%	2,60%
AGRUPACIÓN ARTIGOS	IMPORTE	% S/TOTAL			
Comunidades Autónomas	156.534.003,10	92,92%			
Outros	11.928.174,11	7,08%			
TOTAL	168.462.177,21	100,00%			

- No exercicio 2006 entra en vigor o “Plan de financiamento das Universidades de Galicia, 2005-2010”, neste recóllense achegas ás Universidades distribuídas nos seguintes fondos: Financiamento incondicionado, Calidade, participación no Plan galego de I+D+i, Investimentos e Nivelación.
- O artigo orzamentario máis importante deste Capítulo está constituído polas transferencias correntes da Comunidade Autónoma, que experimentan no seu conxunto unha diminución do 0,29 % (en euros correntes), sobre as recoñecidas no ano anterior; esta merma aínda puido ser

maior debido a que segundo o plan o financiamento incondicionado variaría na mesma proporción que experimenten os ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da comunidade Autónoma, como estes diminuían en maior proporción aportáronse fondos adicionais –algún deles recollidos no capítulo de transferencias de capital. As partidas que compoñen o financiamento principal procedente do orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria son as seguintes:

FINANCIAMENTO INCONDICIONADO	131.375.452,75
COMPLEMENTO MÉRITO INVESTIGADOR.....	4.758.745,20
CONTRATOS PROGRAMA CALIDADE	3.092.025,95
COMPLEMENTO RETRIBUTIVO AUTONÓMICO AO PROFESORADO	6.136.487,50
TOTAL	145.362.711,40

- Procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria obtivéronse outras transferencias que enumeramos a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE
Conferencia Internacional EUNIS	30.000,00
Integración titulares Escola Universitaria	53.419,54
Preparación propostas novos plans de estudos	199.251,90
Espazo Europeo Educación Superior	1.307.378,45
Programa I3	34.000,00

DETALLE DO CADRO 4

ARTIGO E PARTIDA PRESUPUESTARIA	PREVISIÓNS		DEREITOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	RECOÑECIDOS
40.ADMINISTRACIÓN DO ESTADO			
Ministerio de Educación e Ciencia, Política social e dep			1.289.802,66
Ministerio de Trabajo e Inmigración			30.000,00
Ministerio de Industria, Turismo e Comercio			12.000,00
Ministerio de Ciencia e Innovación			1.782.814,42
Ministerio de Vivenda			100.000,00
TOTAL ARTIGO 40	0,00	2.538.480,06	3.214.617,08
41.ORGANISMOS AUTÓNOMOS			
ADMINISTRATIVOS			
Consejo Superior de Deportes			33.999,28
Programas educativos Europeos-Erasmus-			329.471,00
Escola Galega de Admón.Pública			40.390,00
Instituto Social da Marina			24.000,00
Agencia Española Cooperación Internacional			18.373,69
Mutua Universal de accidentes de Trabajo			26.320,00
Instituto Galego de estadística			3.000,00
Consello Galego de Relacións Laborais			17.024,13
Axencia Nac. Evaluación da Calidade e Acreditación (ANECA)			7.810,00
Instituto Enerxético de Galicia			2.500,00
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)			44.500,00
Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)			6.000,00
TOTAL ARTIGO 41.	650.000,00	1.191.603,69	553.388,10
44.OUTROS ENTES PÚBLICOS			
Consortio Cidade de Santiago			122.000,00
Instituto Ramón Lull			24.358,00
Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA)			500,00
Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Stgo (EMUVISA)			4.000,00
Universidad de Valencia			2.589,46
TOTAL ARTIGO 44	0,00	124.889,46	153.447,46
45.COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
Consellerías e Organismos Xunta de Galicia			

Educación e Ordenación Universitaria			146.986.761,29
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza			93.700,00
Cultura e Deporte			91.000,00
Innovación e Industria			2.106.516,53
Economía e Facenda			49.859,00
Sanidade			2.000,00
Vivenda e Solo			46.000,00
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible			25.500,00
Dirección Xeral Investigación e Desenvolvemento			1.237.312,33
Traballo			449.036,29
Vicepresidencia e Igualdade			138.000,00
do Mar			15.000,00
Servizo Galego de Saúde			5.006.722,42
Secretaría Xeral Relacións Exteriores			171.315,00
Secretaría Xeral de Política Lingüística			69.100,00
Secretaría Xeral para o deporte			46.180,24
TOTAL ARTIGO 45	147.015.390,00	153.322.534,81	156.534.003,10
46.CORPORACIÓNS LOCAIS			
Federación Galega de Municipios(FEGAMP)			45.390,00
Concello de Lugo			48.000,00
Concello de Santiago de Compostela			36.452,52
Concello de Nigrán			15.000,00
Concello de Monforte de Lemos			2.000,00
Concello de Caldas de Reis			4.500,00
Concello de Guitiriz			10.350,00
Concello de Sarria			15.750,00
Concello de Vilagarcía			18.000,00
Concello de Ordes			4.500,00
Concello de Noia			3.552,41
Concello de Muros			18.000,00
Deputación Provincial A Coruña			102.987,16
Deputación Provincial de Lugo			103.150,00
TOTAL ARTIGO 46	0,00	413.381,87	427.632,09
47.EMPRESAS PRIVADAS			
Banco Santander			1.370.000,00
Jhonson & Jhonson			20.000,00
Aresa			8.200,00
Laboratorio Dentaïd S.L.			12.000,00
Caixa Rural Galega			2.000,00
Confemadera			7.000,00
Outras			6.450,00
TOTAL ARTIGO 47	1.530.000,00	1.653.580,00	1.425.650,00
48.FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO			
Fundación Barrié de la Maza			12.020,24
Fundación Caixa Galicia			18.000,00
Fundación Bancaja			62.500,00
Fundación Vodafone España			84.000,00
Fundación Marcelino Botín			300.000,00
Fundación Juana de Vega			30.000,00
Fundación Astrazéneca			30.000,00
Fundación José Otero-Carmela Martínez			21.000,00
Colexio de Avogados de Santiago			22.400,00
Sociedad Española de Medicina General			18.000,00
Fundación Gral.Universidad Autónoma Madrid			11.445,80
Fundación Pastora Campos Goldner			15.000,00
Colexio Of. Enx.Tec. Industriais de Lugo			9.000,00
Universidad de Cádiz			60.000,00
Fundación Española Ciencia e Tecnoloxía (FECYT)			12.000,00
Fundación La Caixa			15.000,00
Fundación Universia			21.000,00
Federación Nac. Estudiantes de Odontoloxía			7.200,00
Universidade da Coruña			5.500,00
Outros			8.000,00
TOTAL ARTIGO 48	260.500,00	709.685,80	762.066,04
ARTIGO 49. EXTERIOR			
Da Unión Europea			5.343.967,50
Outras transferencias do exterior			11.355,06
Instituto Internacional de Nanotecnoloxía			36.050,78
TOTAL ARTIGO 49	0,00	5.322.167,56	5.391.373,34
TOTAL CAPÍTULO IV	149.455.890,00	165.276.323,25	168.462.177,21

No anexo 1 desglosamos os capítulos 4 e 7 en transferencias e subvencións

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

No cadro 5 e no seu detalle recóllense os diferentes compoñentes dos ingresos derivados da rendabilización do patrimonio da Universidade. Os saldos de tesourería mantidos no exercicio foron semellantes aos do exercicio anterior pero os tipos de xuro sensiblemente menores, co efecto conxunto de reducir en máis da metade a rendibilización dos fondos líquidos, non obstante superáronse as previsións orzamentarias.

CADRO 5. INGRESOS PATRIMONIAIS

ARTIGO PRESUPUESTARIO	DEREITOS RECOÑECIDOS 2007	DEREITOS RECOÑECIDOS 2008	DEREITOS RECOÑECIDOS 2009	% VARIACIÓN S/07	% VARIACIÓN S/08
50.Xuros de títulos e valores	379.171,58	0,00	0,00		
52.Xuros de contas bancarias	1.084.593,42	2.777.509,98	1.164.627,72	7,38%	-58,07%
53.Dividendos	0,00	0,00	0,00		
54.Productos de inmoables	226.367,40	179.773,66	165.425,51	-26,92%	-7,98%
55.Concesións administrativas	142.168,14	102.648,14	163.453,49	-44,43%	-27,80%
59.Outros ingresos patrimoniais	0,00	21.000,24	121.837,30		
TOTAL CAPÍTULO V	1.832.300,54	3.080.932,02	1.615.344,02	-11,84%	-47,57%

DETALLE CADRO 5

ARTIGO E PARTIDA PRESUPUESTARIA	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
52.XUROS DE CONTAS BANCARIAS			
En Caixa Galicia			449.165,23
En Banco Santander			77.488,51
En Caixanova			628.878,60
En Caixa Rural de Lugo			8.090,79
Outras entidades			1.004,59
TOTAL ARTIGO 52	1.100.000,00	1.107.556,68	1.164.627,72
54.ALUGUEIROS E PRODUCTOS DE INMOBLES			
Alugueres vivendas funcionarios			15.618,91
Cesión uso bens patrimoniais			149.806,60
TOTAL ARTIGO 54	0,00	84.154,31	165.425,51
55.CONCESIÓNNS ADMINISTRATIVAS			
Servizo cafeterías, fotocopiadoras e teléfonos.			163.453,49
TOTAL ARTIGO 55	200.000,00	200.000,00	163.453,49
59.OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS			
Outros ingresos patrimoniais			121.837,30
TOTAL ARTIGO 59	0,00	1.837,30	121.837,30
TOTAL CAPÍTULO V	1.300.000,00	1.393.548,29	1.615.344,02

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

No cadro 6 recóllense os dereitos recoñecidos deste capítulo por artigo orzamentario e efectúase a comparación cos dos dous anos anteriores. No detalle deste cadro indícanse os diferentes grupos de organismos financiadores.

CADRO 6.- CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

ARTIGO PRESUPUESTARIO	DEREITOS RECOÑECIDOS 2007	DEREITOS RECOÑECIDOS 2008	DEREITOS RECOÑECIDOS 2009	% VARIACIÓN S/07	% VARIACIÓN S/08
70.Administración do Estado	25.542.949,68	11.291.259,13	17.938.114,21	-29,77%	58,87%
71.Organismos Autónomos Administrativos	695.732,74	562.215,93	2.922.922,00	320,12%	519,89%
72.Seguridade Social	508.973,44	767.113,16	221.025,85	-56,57%	-71,19%
74.Empresas Públicas e outros entes	143.137,81	520.000,00	432.500,37	0,00%	
75.Comunidades Autónomas	29.098.550,37	37.537.584,56	36.800.922,83	26,47%	-1,96%

76.Corporacións Locais	421.465,41	302.669,77	999.090,70	137,05%	230,09%
77. Empresas Privadas	6.507,00	9.807,00	204.507,00	3042,88%	1985,32%
78.Familias e Institucións sen fins de lucro	155.973,04	106.120,55	201.146,59	28,96%	89,55%
79.Exterior	3.026.302,21	9.490.100,51	5.372.580,51	77,53%	-43,39%
TOTAL CAPÍTULO VII	59.599.591,70	60.586.870,61	65.092.810,06	9,22%	7,44%

DETALLE CADRO 6

ARTIGO PRESUPOSTARIO	PREVISIONS		DEREITOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	RECOÑECIDOS
70.ADMINISTRACIÓN DO ESTADO			
Ministerio de Educación, Política Social e Deporte			3.442.038,59
Ministerio de Ciencia e Innovación			13.346.366,91
Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación			537.137,34
Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino			205.525,60
Ministerio de Trabajo e Inmigración			30.985,88
Ministerio de Defensa			5.000,00
Ministerio de Industria, Turismo e Comercio			243.414,89
Ministerio de Sanidade e Consumo			6.000,00
Ministerio de Fomento			121.645,00
TOTAL ARTIGO 70	9.000.000,00	24.104.212,25	17.938.114,21
71.ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS			
Centro Superior de Investigacións Científicas			341.925,00
Instituto Nacional de Investigacións Agrarias e Tecnolóxicas			91.416,00
Axencia Española Cooperación Internacional			288.372,00
Instituto Lucense de Desenvolvemento			92.241,50
Instituto Galego de Estatística			30.000,00
Instituto Galego de Vivenda e Solo			2.028.665,00
Instituto Enerxético de Galicia			50.302,50
TOTAL ARTIGO 71	300.000,00	2.415.967,50	2.922.922,00
72.SEGURIDADE SOCIAL			
Fondo investigacións sanitarias Seguridade Social			221.025,85
TOTAL ARTIGO 72	800.000,00	993.800,85	221.025,85
74.EMPRESAS PÚBLICAS E OUTROS ENTES			
Entidade Pública Empresarial RED. ES			432.500,37
TOTAL ARTIGO 74	0,00	0,00	432.500,37
75.COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
Xunta de Galicia			
Recursos para investigación			23.757.075,12
Convenios Obras e Equipamentos			3.065.162,00
Reparación, Ampliación, Mellora (RAM)			1.971.320,00
Programa Apoio I + D			4.191.639,83
Promoción Científica e Tecnolóxica			1.534.769,00
Consellería de Sanidade			0,00
Consellería de Innovación e Industria			1.168.291,88
Consellería de Economía e Industria			1.062.665,00
Secretaría Xeral de Modernización e innovación tecnolóxica			50.000,00
TOTAL ARTIGO 75	35.077.620,00	40.789.297,52	36.800.922,83
76.CORPORACIÓNS LOCAIS			
Concello de Santiago de Compostela			30.000,00
Concello de Lugo			820,00
Deputación Provincial de A Coruña			726.442,83
Deputación Provincial de Lugo			238.827,87
Deputación Provincial de Ourense			3.000,00
TOTAL ARTIGO 76	250.000,00	886.057,41	999.090,70
77.EMPRESAS PRIVADAS			
Confederación Empresarial Lucense			4.507,00
Caixanova			200.000,00
TOTAL ARTIGO 77	0,00	0,00	204.507,00
78.DE FAM. E INSTIT. SEN FINS LUCRO			
Fundación Genoma España			25.582,48
Fundación Española Ciencia e Tecnoloxía			17.080,48
Caixa Rural Galega			43.572,00
Fundación investigación médica da Mutua Madrileña			10.000,00
Fundación Biodiversidade			93.749,33
Red Universitaria Iberoamericana de incubación e empresas			6.809,00

Outras			4.353,30
TOTAL ARTIGO 78	0,00	3.340,80	201.146,59
79.EXTERIOR			
Unión Europea. Recursos investigación			5.372.580,51
TOTAL ARTIGO 79	3.000.000,00	3.012.145,98	5.372.580,51
TOTAL CAPÍTULO VII	48.427.620,00	72.204.822,31	65.092.810,06

- A captación de recursos para proxectos de investigación financiados polo Ministerio de Educación, Ciencia e Innovación e outros Ministerios representa 17,94 millóns de euros representado un aumento con respecto aos dereitos liquidados no exercicio anterior do 58,90% (11,29 millóns de euros en 2008)
- As achegas para proxectos e infraestruturas de investigación e obras procedentes da Xunta de Galicia diminúen con respecto ao ano anterior nun 1,97 %.
- Os recursos dedicados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a reparación, ampliación e mellora de edificios (RAM) e a construción de edificios e novos equipamentos foron exactamente iguais aos dos cinco exercicios anteriores, 1,97 millóns de euros para RAM e 3,06 para construción e equipamentos.
- A subvención do Instituto Galego da Vivenda e Solo foi para a rehabilitación dos edificios das residencias universitarias, importe 2,03 millóns de euros. A subvención de Caixanova por 0,2 millóns de euros destinase á rehabilitación do Pazo de Fonseca.
- A subvención da Consellería de Innovación e Industria por importe de 1,16 millóns de euros ten por destino a devolución da anualidade 2009 dos anticipos reembolsables da convocatoria 2005.
- O resto das cantidades que figuran no cadro e que non se comentan son fundamentalmente achegas para actividades de investigación.

CAPÍTULO VIII: VARIACIÓN DE ACTIVOS E PASIVOS FINANCIEROS

No cadro 7, apartado variación activos financeiros, indícase o financiamento de créditos en 2009 co remanente de tesourería de 2008. En síntese, comprende aqueles créditos que non estaban obrigados a 31/12/08 e incorporáronse ao ano seguinte para atender actividades financiadas con recursos específicos ou gastos comprometidos no exercicio precedente por importe de 94.019.175,59 euros. No apartado variación pasivos financeiros consígnase o anticipo reembolsable -2,13 millóns de euros -obtido da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dentro do programa “Campus de excelencia internacional”, e os obtidos do Ministerio de Ciencia e Innovación para a construción do CITIUS (Centro de investigación de tecnoloxías da información) -5 millóns- e para o equipamento de CIMUS-CIQUUS,etc. -7,06 millóns.

CADRO 7.- CAPÍTULOS VIII E IX. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANZEIROS E VARIACIÓN DE PASIVOS FINANZEIROS**VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANZEIROS****DESGLOSE FINANCIAMENTO CO REMANENTE DE TESOURERÍA**

INCORPORADO A CAPÍTULO	FINANCIAMENTO PRESUPOSTO INICIAL	CRÉDITOS FINANCIADOS NO EJERCICIO 2009
I. Gastos de persoal		1.682.808,50
II. Gastos en bens correntes e servizos		5.066.619,65
IV. Transferencias Correntes		2.348.131,32
VI. Investimentos reais		84.921.616,12
TOTAIS CAPITULO VIII	0,00	94.019.175,59

IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANZEIROS

ARTIGO E PARTIDA PRESUPOSTARIA	PREVISIÓN		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
Anticipos Reembolsables Ministerio de Educación e Ciencia	0,00		12.061.061,44
Anticipos Reembolsables Consellería de Educación			2.134.900,00
TOTAL CAPITULO IX	3.789.650,00	15.850.711,44	14.195.961,44

1.1.3. ORZAMENTO DE INGRESOS. EJERCICIOS ANTERIORES.

O cadro 8 recolle a evolución dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro de exercicios anteriores, así como a súa situación a 01/01/09 e a fin de exercicio 31/12/09.

- Cóbranse en 2009 o 70,04 % dos dereitos pendentes de cobro e anúlase por importe de 1,58 millóns de euros.
- Dos dereitos pendentes de cobro correspondente ao exercicio 2004 –2,67 millóns de euros- 1,5 corresponden con parte do derradeiro prazo pendentes de cobro polo alleamento dos terreos de Galeras (esta previsto cobralos no primeiro semestre do 2010), e 0,75 á contribución prevista de AFICEGA para a construción do Instituto de Cerámica.

CADRO 8.- EVOLUCIÓN DOS DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE INGRESO DE EJERCICIOS ANTERIORES A 2009

ANO	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/08	INGRESADO NO 2009	DEREITOS ANULADOS NO 2009	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/09
2003	181.989,24	1.336,20	31.584,67	149.068,37
2004	2.672.621,90	14.434,06	61.592,46	2.596.595,38
2005	565.184,75	143.746,25	146.282,27	275.156,23
2006	1.024.569,60	445.721,05	102.392,46	476.456,09
2007	3.422.144,15	1.577.695,14	169.596,06	1.674.852,95
2008	52.115.957,50	39.830.581,48	1.066.332,04	11.219.043,98
TOTAIS	59.982.467,14	42.013.514,18	1.577.779,96	16.391.173,00

1.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**1.2.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS.**

Nesta primeira parte da memoria, onde se analizan as contas do exercicio, e neste apartado no que concretamente tratamos da liquidación do orzamento de gastos, só nos deteremos na análise e comentarios da execución do orzamento, visto este desde un punto vista global. Posteriormente, dentro da memoria de xestión (segunda parte), examínanse os gastos a nivel dos diferentes centros e servizos que conforman a USC.

No cadro 9 que reproducimos a continuación preséntase a liquidación do orzamento de gastos por capítulo orzamentario e no cadro 10 por grupos de funcións e as obrigas contraídas nos tres últimos anos coa súa estrutura de participación porcentual sobre o total dos gastos.

CADRO 9. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	PRESUPOSTO INICIAL	PRESUPOSTO DEFINITIVO	GASTOS AUTORIZADOS	OBRIGAS CONTRAÍDAS	PAGAMENTOS	PENDENTE DE PAGAMENTO A 31/12/09	REMANENTE	%EXECUCIÓN S/AUTORIZADOS
I.Gastos de persoal	149.048.240,00	154.871.798,96	153.943.310,75	153.943.310,75	152.691.786,68	1.251.524,07	928.488,21	99,40%
II.Gastos en bens correntes e servizos	33.067.670,00	42.480.650,84	33.769.356,88	33.156.044,14	30.403.871,10	2.752.173,04	9.324.606,70	79,49%
III.Gastos financeiros	1.800.000,00	1.800.000,00	1.038.138,65	1.038.138,65	1.008.791,80	29.346,85	761.861,35	57,67%
IV.Transferencias correntes	4.232.130,00	15.650.591,36	8.141.042,47	8.141.042,47	8.108.306,14	32.736,33	7.509.548,89	52,02%
VI. Investimentos reais	52.444.300,00	180.741.789,24	96.033.400,64	85.166.695,90	81.408.319,80	3.758.376,10	95.575.093,34	53,13%
VII. Transferencias de capital	40.000,00	52.290,00	47.490,00	47.490,00	47.490,00	0,00	4.800,00	90,82%
IX.- Variación de pasivos financeiros	5.293.060,00	5.293.060,00	5.234.962,96	5.234.962,96	4.872.544,35	362.418,61	58.097,04	98,90%
TOTAIS	245.925.400,00	400.890.180,40	298.207.702,35	286.727.684,87	278.541.109,87	8.186.575,00	114.162.495,53	74,39%

CADRO 10. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS POR GRUPOS FUNCIONAIS

GRUPO DE FUNCIONS	PRESUPOSTO INICIAL	PRESUPOSTO DEFINITIVO	GASTOS AUTORIZADOS	OBRIGAS CONTRAÍDAS	PAGAMENTOS	PENDENTE DE PAGAMENTO A 31/12/09	REMANENTE	%EXECUCIÓN S/AUTORIZADOS
1.- Docencia universitaria	2.898.000,00	3.386.762,57	2.011.258,44	2.011.258,44	1.977.822,66	33.435,78	1.375.504,13	59,39%
2.- Investigación	41.869.000,00	43.506.273,77	19.457.235,00	19.450.689,04	19.085.873,87	364.815,17	24.055.584,73	44,72%
3.- Producción de infraestruturas e servizos á docencia e á investigación	188.792.910,00	234.125.547,22	212.447.129,18	201.710.336,76	196.622.113,18	5.088.223,58	32.415.210,46	90,74%
4.- Asistencia, extensión e promoción da comunidade universitaria	5.272.430,00	19.358.941,84	12.092.476,86	11.812.652,03	10.952.728,78	859.923,25	7.546.289,81	62,46%
5.- Gastos e pasivos financeiros	7.093.060,00	7.093.060,00	6.273.101,61	6.273.101,61	5.881.336,15	391.765,46	819.958,39	88,44%
A.- Proxectos de investigación. Xunta		1.130.230,81	148.386,59	148.386,59	140.472,65	7.913,94	981.844,22	13,13%
B.- Proxectos de investigación. Mec		32.052.192,02	18.935.881,94	18.785.603,86	18.398.015,50	387.588,36	13.266.588,16	59,08%
C.- Convenios e contratos de investigación		6.752.822,15	3.480.692,51	3.480.692,51	3.412.921,54	67.770,97	3.272.129,64	51,54%
D.- Proxectos de investigación		8.077.975,96	3.999.027,33	3.857.992,20	3.519.630,32	338.361,88	4.219.983,76	49,51%
E.-Cursos de postgrao. Especialización		829.476,94	517.137,09	517.137,09	509.690,44	7.446,65	312.339,85	62,34%
F.- Cursos de formación continua.		564.826,36	355.424,15	355.424,15	332.702,93	22.721,22	209.402,21	62,93%
I.- Infraestruturas de investigación		11.175.299,11	74.648,61	74.648,61	74.648,61	0,00	11.100.650,50	0,67%
M.-Cursos de posgrao. Masters.		3.866.362,03	2.263.768,56	2.263.768,56	2.227.320,74	36.447,82	1.602.593,47	58,55%
P.- Proxectos de investigación. Feder		390.951,87	12.647,80	12.647,80	12.119,39	528,41	378.304,07	3,24%
R.- Reunións científicas		1.240.699,87	686.672,91	686.672,91	678.163,82	8.509,09	554.026,96	55,35%
X.- Convenios e contratos de investigación		27.338.757,88	15.452.213,77	15.286.672,71	14.715.549,29	571.123,42	12.052.085,17	56,52%
TOTAIS	245.925.400,00	400.890.180,40	298.207.702,35	286.727.684,87	278.541.109,87	8.186.575,00	114.162.495,53	74,39%

GRUPO DE FUNCIONES (aos grupos 1 e 2 sumánselles os que empezan por letras)	PRESUPUESTO INICIAL	PRESUPUESTO DEFINITIVO	GASTOS AUTORIZADOS	OBRIGAS CONTRAIDAS	PAGAMENTOS	PENDENTE DE PAGAMENTO A 31/12/09	REMANENTE	%EXECUCIÓN S/AUTORIZADOS
1.- Docencia universitaria	2.898.000,00	8.647.427,90	5.147.588,24	5.147.588,24	5.047.536,77	100.051,47	3.499.839,66	59,53%
2.- Investigación	41.869.000,00	131.665.203,44	62.247.406,46	61.784.006,23	60.037.394,99	1.746.611,24	69.881.197,21	47,28%
3.- Producción de infraestructuras e servizos á docencia e á investigación	188.792.910,00	234.125.547,22	212.447.129,18	201.710.336,76	196.622.113,18	5.088.223,58	32.415.210,46	90,74%
4.- Asistencia, extensión e promoción da comunidade universitaria	5.272.430,00	19.358.941,84	12.092.476,86	11.812.652,03	10.952.728,78	859.923,25	7.546.289,81	62,46%
5.- Gastos e pasivos financeiros	7.093.060,00	7.093.060,00	6.273.101,61	6.273.101,61	5.881.336,15	391.765,46	819.958,39	88,44%
TOTAIS	245.925.400,00	400.890.180,40	298.207.702,35	286.727.684,87	278.541.109,87	8.186.575,00	114.162.495,53	74,39%

OBRIGAS CONTRAIDAS

